CONCELLO DE CAMBADOS

EVA MARIA CASAL SANJURJO (1 para 2)
SECRETARIA XERAL
Data de Sinatura: 18/12/2018
HASH: 32f26dc38d7a7a6086a818ff0b6052df

FATIMA ABAL ROMA (2 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 19/12/2018
HASH: b59acf7a00814ffb198f1c8c24a4e6ee

ACTA (MINUTA BORRADOR)

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/3	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	31 de maio de 2018
Duración	Desde as 21:10 ata as 23:56 horas
Lugar	SALÓN DE SESIÓNS
Presidida por	FÁTIMA ABAL ROMA
Secretario	EVA MARÍA CASAL SANJURJO

ASISTENTES

PSOE: Dª. Fátima Abal Roma; D. Miguel Pérez Osorio; Dª. Milagros Martínez Piñeiro.
BNG: Dª. M.ª. Josefa Cacabelos Domínguez; Dª. M.ª Teresa Prado Cores; D. Víctor Manuel Caamaño Rivas.
Somos Cambados: D. Xurxo Charlín Trigo; D. Constantino Cordal Rodríguez.
Cambados Pode: D. José Ramón Abal Varela.
PP: D. Luís Aragunde Aragunde; Dª Ana Isabel Oubiña Santos; D. Antonio J. Iglesias Pombo; Dª Mª Isabel Varela Piñeiro; D. Juan Ramiro Gómez Blanco; D. Luís Alberto Serantes González; Dª Mónica Brea Troncoso

Escusa a súa ausencia, por motivos persoais D. Eulogio Pomares Botana.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Ilmo. Concello de Cambados, sendo as vinte e dúas horas e dez minutos do día **31 de maio de 2018**, e co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal, e tratar os asuntos incluídos na orde do día, na convocatoria cursada a tal efecto, reúnense os Concelleiros mencionados anteriormente, asistidos pola Sra. Secretaria, que da fe do acto.

Unha vez verificada pola Sra. Secretaria a válida constitución do Órgano Colexiado, a Sra. Presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Abre sesión a Sra. Alcaldesa indicando que, conforme ao establecido no Regulamento Orgánico Municipal, cambiarase a orde do día, tratando como primeiro asunto o acordo para Reclamar ao Sergas que non peche o Centro de Saúde de Cambados durante as tardes de verán e que manteña o mesmo horario de consultas co resto do ano.

Indica tamén, a Sra. Alcaldesa, que a Moción presentada para que se declare zona catastrófica a parroquia de Castrelo, afectada pola cicloxénese explosiva, ao non estar na orde do día, terase que votar a inclusión da urxencia e deixala para o final da sesión, pedindo desculpas aos veciños da parroquia de Castrelo presentes na sesión.

CONCELLO DE CAMBADOS

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES: 30.08.2017 ORDINARIA; 28.09.2017 ORDINARIA; 30.10.2017 ORDINARIA; 05.12.2017 ORDINARIA; 28.12.2017 EXTRAORDINARIA, ORDINARIA E EXTRAORDINARIA; 25.01.2018 ORDINARIA; E 02.03.2018 ORDINARIA.-

Pola Alcaldía comézase a sesión plenaria procedendo á aprobación das Actas anteriores:

Acta do 30 de agosto de 2017 celebrada en sesión ordinaria: é aprobada por unanimidade.

Acta do 28 de setembro de 2017 celebrada en sesión ordinaria: é aprobada por unanimidade.

Acta do 30 de outubro de 2017 celebrada en sesión ordinaria: é aprobada por unanimidade.

Acta do 5 de decembro de 2017 celebrada en sesión ordinaria: é aprobada por unanimidade.

Acta do 28 de decembro de 2017 celebrada en sesión extraordinaria: é aprobada por unanimidade.

Acta do 28 de decembro de 2017 celebrada en sesión ordinaria: é aprobada por unanimidade.

Acta do 28 de decembro de 2017 celebrada en sesión extraordinaria: é aprobada por unaimidade.

Acta do 25 de xaneiro do 2018 celebrada en sesión ordinaria: é aprobada por unanimidade.

Acta do 2 de marzo do 2018 celebrada en sesión ordinaria: é aprobada por unanimidade.

Expediente 1949/2018. ACORDO PARA RECLAMAR AO SERGAS QUE NON PECHE O CENTRO DE SAÚDE DE CAMBADOS DURANTE AS TARDES DE VERÁN E QUE MANTEÑA O MESMO HORARIO DE CONSULTAS CO RESTO DO ANO

Comparece o **Sr. Xurxo Charlín Trigo**, Concelleiro Do Ilmo. Concello de Cambados, actuando en representación do Sr. Constantino Cordal Rodríguez, na súa condición de Concelleiro de Sanidade do Concello de Cambados, comparece e como mellor proceda en dereito di:

"Que ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os artigos 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal o seguinte Acordo:

Exposición de motivos:

Nos últimos días teñen aparecido informacións na prensa comarcal que anuncian o peche do centro de saúde de Cambados durante as tardes de verán, concretamente dende o inicio do mes de xullo ata mediados de setembro. Unicamente permanecerá aberto neses meses o Punto de Atención Continuada (PAC) ou servizo de urxencias.

Trátase dunha medida adoptada pola xerencia da área sanitaria integrada, EOXI, Pontevedra-O Salnés, que prexudicará á poboación cambadesa e doutros concellos veciños e que provocará un grave deterioro da calidade na atención sanitaria á cidadanía. Ademais, débese ter en conta que a presión asistencial na nosa comarca durante o verán increméntase notablemente debido ao crecente número de visitantes (con moitos pacientes procedentes de distintos lugares de España, Portugal e outros países europeos), que cando menos duplica ao dos residentes do resto do ano.

Por outra banda, a poboación cambadesa activa non cambia a súa xornada laboral durante os

meses de xullo a setembro e continúa necesitando a asistencia no centro de saúde en horario de tarde. O cambio de horario non obedece a unha mellora da calidade asistencial, senón á falta de substitución dos profesionais. Esta modificación non se comunica aos pacientes, polo que os que solicitan asistencia de tarde atópanse coa ausencia do seu facultativo ou do seu persoal de enfermería de atención primaria, e a súa asistencia derívase a urxencias no PAC. Todo elo provoca unha excesiva carga de traballo que se xera no PAC, sen estar xustificado o seu carácter urxente, ademais sen reforzar ou aumentar o número de profesionais neste servizo.
En definitiva, o peche do centro de saúde de Cambados durante as tardes de verán permite a Xunta de Galicia non ten que cubrir as substitucións do persoal sanitario do Centro de Saúde de Cambados que estea en situación de baixa ou gozando de vacacións, pero afecta negativamente á calidade asistencial e prexudica á poboación cambadesa e doutros concellos veciños.
Por todo o anteriormente exposto, proponse á Corporación Municipal de Cambados a adopción do seguinte ACORDO por parte do Pleno:
1. Concello de Cambados dirixirase ao Servizo Galego de Saúde para que substitúa ao persoal sanitario do Centro de Saúde de Cambados que estea en situación de baixa ou gozando de vacacións.
2. Concello de Cambados dirixirase ao Servizo Galego de Saúde para que manteña o Centro de Saúde de Cambados aberto no mesmo horario durante o verán co resto do ano.
3. O Concello de Cambados iniciara unha campaña informativa cara a cidadanía para reclamar que se manteña o Centro de Saúde de Cambados aberto no mesmo horario durante o verán como no resto do ano e que se manteñan os mesmos servizos."

Sometido o asunto a debate, toma a palabra o **Sr. Aragunde Aragunde**, voceiro do Partido Popular, esgrimindo que dende o seu partido non están de acordo en que se reduza o horario de atención ao paciente, explicando que dende o Partido Popular fixeron as xestións oportunas para saber como estaba a situación, sabendo a carencia de facultativos para cubrir vacacións no verán e, sobre todo, un déficit de pediatras a nivel de Galicia e de España, e informando que dende o seu partido non votarán en contra dunha medida de mellora para os veciños.
Intervén o Sr. Cordal Rodríguez para convidar a todos a participar mañá na manifestación en reclamación da atención no Centro de Saúde no mesmo horario.
Toma a palabra o Sr. Caamaño Rivas para manifestar que este é un exemplo dos recortes que se están a sufrir na Sanidade Pública e que afectan a toda Galicia, explicando que esta é a causa da política que está a levar a cabo o Partido Popular e que dende o seu partido apoiarán esta moción.

Pola Alcaldía procédese á **votación** da moción para reclamar ao Sergas que non peche o Centro de Saúde de Cambados durante as tardes de verán e que manteña o mesmo horario de consultas co resto do ano, obtendo como resultado a **aprobación por maioría dos membros presentes no Pleno.**

Expediente 2095/2018. MOCIÓN - ACORDO DE GOBERNO PARA DECLARAR O 24 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA NO CONCELLO DE CAMBADOS

Comeza a intervención defendendo o acordo o **Sr. Caamaño Rivas**, Concelleiro de Cultura, aclarando que esta é unha proposta que presentan ao Concello de Cambados a "Asociación de escritores e escritoras en Lingua Galega" que reivindican a figura de Rosalía de Castro dende a cultura galega, a súa vixencia e a promoción desta figura como unha das mellores poetas en lingua galega, e o que se busca é facer un acto simbólico e promovela entre a xente moza; a continuación fai lectura da proposta de acordo presentada pola Asociación:

a) Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.
b) Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura no seu

Calendario do Libro e da Lectura.
c) Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

Non habendo máis intervencións, pola Alcaldía procédese a someter a **votación** a proposta de acordo de **declarar o 24 de febreiro día de Rosalía no Concello de Cambados.**

Sometido o asunto a votación, este é **aprobado por unanimidade**.

Expediente 2094/2018. MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE A COMARCALIZACIÓN DOS PARQUES DE BOMBEIROS

O Sr. Aragunde Aragunde, voceiro do grupo municipal do Partido Popular no Concello de Cambados, presenta ao Pleno da Corporación a seguinte Moción referente á "Comarcalización dos Parques de Bombeiros" que transcrita di o seguinte:

"Nos últimos anos Galicia ten feito un esforzo enorme para mellorar a atención das emerxencias. Pese a ser unha competencia exclusivamente local (dos concellos de máis de 20.000 habitantes e das deputacións provinciais no caso dos de menos), a Xunta ten colaborado decisivamente para que os parques de bombeiros pasasen de 7 no ano 1999 aos 32 actuais. Ao mesmo tempo, ten defendido unha rede de Grupos de Emerxencia Supramunicipais que permiten unha cobertura destacada en todo o territorio.
Agora a Administración autonómica busca un chanzo máis. O camiño é a comarcalización dos parques das grandes cidades, o que permitiría dar unha cobertura adecuada a aqueles concellos que, pese a estar moi preto deses parques, non poden beneficiarse deles xa que por norma xeral só prestan servizo ás grandes cidades. Mesmo o Concello de Pontevedra se mostrou favorable a negociar esta comarcalización.
Paralelamente, segundo anunciou a Administración autonómica no marco do Grupo de Traballo para a mellora das emerxencias, tamén está prevista a creación de novos servizos para chegar a aquelas zonas de sombra que aínda quedarían tras as comarcalizacións. No caso da provincia de Pontevedra, tres.
Con estas medidas (a comarcalización e a creación de novos servizos) en toda Galicia pasaríase de cubrir o 65% do territorio en menos de 20 minutos a máis do 90%. E en canto a poboación, do 87% a máis do 95%.
Sen embargo, en todo este tempo, non se escoitou nin unha palabra a favor da Deputación de Pontevedra, que é a que ostenta a competencia por lei para prestar servizo aos grandes beneficiados por estas medidas, os concellos de menos de 20.000 habitantes. Todo foron dúbidas e rexeitamentos.
As mesmas dúbidas que co cambio do modelo de xestión dos parques actuais, que pasarían de indirecta a directa se se cumpren as dúas condicións da Xunta de Galicia: que se respecten os dereitos dos traballadores e que o servizo non custe máis cartos que o actual.
Pese a ser unha das promotoras do cambio e pese a que a Deputación de Lugo xa aceptou esas condicións e que a da Coruña xa anunciou que o fará en breve, ambas: gobernadas polo Partido Socialista, a Deputación de Pontevedra non manifestou a súa postura e incluso non nos deixou acceder aos informes que abordaban o tema.
Ademais, ese bloqueo no cambio do modelo de xestión impide dar os pasos necesarios para a homoxeneización salarial dos bombeiros dos consorcios provinciais.
Consideramos que racionalizar e optimizar os servizos xa existentes é a maneira mais adecuada para mellorar a atención aos concellos pequenos en materia de emerxencias, motivo polo cal, a corporación municipal de Cambados aproba ***INSTAR*** *á Deputación Provincial de Pontevedra a que asuma os seguintes compromisos:*

1. *Que a. Deputación Provincial participe, como é a súa competencia, na mellora da atención ás emerxencias en concellos de menos de 20.000 habitantes.*
2. *Que asuma a comarcalización dos parques das cidades como método mais racional para dar servizo aos concellos que están pegados a eles.*
3. *Que participe economicamente no seu desenvolvemento e na posta en funcionamento dos novos servizos que actuarán sobre as zonas de sombra que aínda quedan por cubrir.*
4. *Que a Deputación Provincial de Pontevedra aprobe en Pleno, ao igual que o fixo a de Lugo e anunciou que farán as de Coruña e Ourense, que asumirá as condicións establecidas pola Xunta de Galicia para o pase dos servizos de bombeiros a xestión directa e que esa aprobación permita avanzar na homoxeneización dos salarios dos bombeiros dos consorcios provinciais.*

Segue a explicar que nos Concellos de menos de 20.000 habitantes están a sufrir un déficit deste servizo, e esta competencia esta a asumila a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra; segue argumentando que e necesario compatibilizar e coordinar todos os parques de bombeiros, xa que, por exemplo ao non existir outro parque de bombeiros nesta zona, a par que o de Ribadumia, si estas unidades teñen que desprazarse demasiado lonxe, queda o Concello de Cambados sen unidade de bombeiros; por outro lado, explica que a Xunta de Galicia está disposta a crear máis parques de bombeiros, sempre e cando, a Deputación de Pontevedra aporte o 50% do custe, que é o que se está a financiar neste momento a todos os parques de bombeiros de Galicia, expoñendo que a Deputación de Lugo e a Deputación de Ourense xa aceptaron esta proposta da Xunta de Galicia, e a Deputación da Coruña aínda non tratou este tema, engadindo que a Deputación de Pontevedra xa tratou esta proposta do Partido Popular e foi declinada; aínda así, dende o Partido Popular espera que o grupo de goberno municipal presente esta proposta á Deputación de Pontevedra.

Intervén a Sra. Alcaldesa para emitir o seu acordo con que hai zonas con pouca cobertura do servizo de bombeiros, pero explica que o mapa actual do servizo que temos, foi deseñado polo Sr. Rueda Valenzuelae e o Sr. Louzán Abal, e púxose en marcha sen ningún estudo previo e sen ningún análise, sendo un modelo que non respondía ás necesidades reais do territorio da provincia de Pontevedra, e aínda así comenta que temos un bo servizo; explica que dende a Deputación de Pontevedra traballaron na redacción dun novo mapa de emerxencias e tivéronse en conta todos os servizos de emerxencias que están a traballar na actualidade na provincia, un plan con criterios técnicos e obxectivos para conseguir unha proposta clara que solucione, sobre todo, as zonas que están sen o servizo ou que tarda demasiado en chegar, a pesar de todo elo, a Xunta non quixo analizalo, e o Sr. Rueda Valenzuela, á vista da nosa proposta provincial, e sen case valorala, lanzou outra proposta de comarcalización totalmente diferente, que nace co mesmo erro de base que xa temos no sistema actual, en definitiva, non existe unha análise real da situación e non se valoran os recursos técnicos nin os materiais para poñela en marcha, non se define o papel do consorcio, non se define a situación actual dos bombeiros e sobre todo, non se fai unha análise económica para poñer o plan en marcha, quedando sen solucionar, igualmente, as zonas que están sen servizo de emerxencias do parque de bombeiros; así mesmo, indica a Sra. Alcaldesa, que ela, dende o Partido Socialista, non se opoñen a ningún modelo nin a ningunha alternativa, pero queren unha alternativa que sexa seria e rigorosa, tecnicamente aceptable e economicamente sustentable; sinala que non quere repetir o erro cometido polo Partido Popular, que cando gobernaba deseñou un mapa de emerxencias e agora o mesmo partido, que está na oposición, quere cambialo; indica tamén que a moción lle parece propaganda, dado que o primeiro paso sería falalo cos alcaldes dos municipios propietarios dos parques de bombeiros; segue a comentar, tamén, que o primeiro punto da moción, na que di que *"a Deputación Provincial participe, como é a súa competencia, na mellora da atención ás emerxencias en concellos de menos de 20.000 habitantes"*, a Sr. Alcaldesa advirte de que a Deputación de Pontevedra está a achegar os fondos correspondentes ao mantemento dos GES en todos e cada un dos Concellos que teñen convenio coa Xunta de Galicia, convenio que o goberno da Deputación de Pontevedra asinou coa Xunta de Galicia no ano 2013, polo que a Xunta de Galicia traslada aos Concellos a obriga de asumir o financiamento de parte dos GES, cando debería facerse con cargo aos fondos das CCAA,

volvendo deste xeito á forma de xestionar do goberno Popular, e segue a comentar que coa firma dese convenio, a Xunta fai unha lei de emerxencias, define as competencias e trasládallas á Deputación de Pontevedra e aos Concellos, mentres que non define o financiamento; indica que antes de traer esta moción ao Pleno, o Partido Popular tería que ter falado cos alcaldes de Pontevedra e Vigo, dado que o Concello de Cambados non vai a decidir o que se vai facer noutros Concellos; tamén no punto número tres, no cal pide que a Deputación de Pontevedra participe economicamente no desenvolvemento deste servizo, explica que xa se está a facer e hai un convenio firmado, pero que non se poden dar máis competencias sen dotar economicamente; e para finalizar, no punto número catro da proposta do Partido Popular, comenta que é lamentable que o mesmo grupo político que redactou os pregos para a contratación da privatización deste servizo, veña agora a pedir que esa mesma institucións, que é a Deputación de Pontevedra, rescinda un contrato millonario, que eles mesmos asinaron, polo que entende que non é factible pagarlle á empresa unha indemnización e logo asumir os servizos os propios Concellos.

Toma a palabra o Sr. Abal Varela, voceiro do grupo municipal Cambados Pode, para manifestar que hai unha serie de tensións políticas entre a Deputación e a Xunta de Galicia e ante a falta de información ve difícil pórse en posición a favor ou en contra desta medida, aínda que si que está a favor de mellorar o servizo; de todas formas emite que o máis probable é que se absteñan.

Segue a intervención o Sr. Charlín Trigo, voceiro do grupo municipal Somos Cambados, e comenta que os beneficios para a cidadanía, facendo unha comarcalización do servizo, son infinitos, podendo dar servizo en menos tempo, maior rapidez e maior efectividade, pero non de calquera forma, argumentando que o razoamento que expón o Partido Popular, dende Somos Cambados, non poden apoialo, porque non serve para arranxar os problemas actuais do servizo de incendios e salvamento; expón que a Xunta propón un plan co que pretenden reducir custes, pagando simplemente como horas extras aos traballadores que teñen que prestar algún servizo fora da súa área, iso quere dicir, que por exemplo, unha persoa que sacou a súa praza no Concello de Pontevedra e ten que prestar servizo en Poio, esta será pagada como hora extra sen mais, algo inxusto, dado que atenderían o dobre de poboación da que veñen atendendo ata agora; segue explicando que a clave é a ampliación do cadro de persoal e saber en que condicións se vai facer; tamén que non están de acordo en que, para mellorar a atención a outras áreas da poboación, se faga precaria a atención nas cidades; opina que, o que propón o Partido Popular degradará un servizo que xa é precario, dado que as mesmas quendas de persoal atenderían o dobre de poboación; por outro lado, informa de que membros de En Marea tiveron a oportunidade de falar co representante do cadro de persoal de Pontevedra, o cal lle expresou que están a favor da comarcalización, pero queren saber en que condicións e cantos efectivos a maiores se contratarán; remata a súa intervención manifestando que votan en falta un punto esencial nos acordos á moción, como é o de realizar un estudo previo a calquera cambio no servizo, que teña en conta o mapa e o número de habitantes, as zonas de risco, as zonas turísticas, o aumento de persoal necesario, a inscrición dese persoal, financiamento e outros puntos que o técnico considere preciso para realizar o informe completo que sexa a base a hora de avanzar cara a comarcalización, motivo polo que, a pesar de estar de acordo coa comarcalización dos parques de bombeiros, o grupo municipal de Somos Cambados non apoiarán esta moción.

Intervén o Sr. Caamaño Rivas, voceiro do grupo municipal Bloque Nacionalista Galego, para manifestar que ningún Concello pode aceptar unhas condicións que non coñece e falar de comarcalizar os parques de bombeiros, cando non se falou cos propios titulares non lle parece lóxico, igual de ilóxico que fora o Partido Popular o que privatizara o servizo e agora pretenda cambialo; por outro lado, mostra o seu interese en saber que pasaría co parque de bombeiros de Ribadumia e o de Vilagarcía, e se o Concello de Cambados estaría mellor atendido.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde, voceiro do grupo municipal Partido Popular, para manifestar que, para preparar esta moción, dende o seu partido fixeron un estudo das saídas dos bombeiros de Ribadumia, e son unha das unidades de todo Pontevedra que máis se desprazan en canto á distancia, polo tanto, si se crean outros parques de bombeiros e se comarcalizan os das cidades grandes comezan a acudir a municipios limítrofes, este parque quedaría máis liberado; por outro lado, entende que aquí non se poden traer as bases de concurso de contratación de persoal, dado que esta é unha

moción que despois ten que desenvolver tanto Deputación de Pontevedra como a Xunta de Galicia, dado que son os responsables dos parques de bombeiros; argumenta que o Alcalde de Pontevedra xa fixera declaracións nas que manifestaba que estaría de acordo en comarcalizar os parques de bombeiros da Provincia de Pontevedra, sempre e cando se aceptasen unha serie de medidas, como a ampliación de persoal, tamén a Xunta emitiu que determinados parques de bombeiros terían que ampliar o cadro de persoal e configurar a funcionalidade deses postos de traballo, pero a Deputación de Pontevedra negouse a esta medida; por outra banda, responde ao Sr. Charlín Trigo, que esta ampliación de postos de traballo tería que levala a cabo a Xunta de Galicia en consonancia coa Deputación de Pontevedra, que son os dous organismos responsables dos parques de bombeiros.
Intervén o Sr. Charlín Trigo para saber como pretende a Xunta de Galicia aumentar o cadro de persoal respectando os seus dereitos e que o servizo custe o mesmo
Intervén o Sr. Aragunde Aragunde e explica que nos parques de bombeiros existentes, pídese que non aumente o custe, pero si hai que crear novos parques evidentemente hai que destinar máis orzamento.
Intervén a Sra. Alcaldesa para expresar que a Xunta de Galicia non lle fixo ningunha proposta ao Alcalde da Provincia de Pontevedra
Intervén o Sr. Aragunde Aragunde para indicar que a Deputación de Pontevedra negouse a esta medida.
Segue explicando, a Sra. Alcaldesa que, dende o seu partido, están abertos a alternativas e propostas para mellorar o servizo, pero o modelo que propón o Partido Popular non solucionará o problema existente, e non van a rescindir un contrato que o mesmo Partido Popular firmou; por outro lado manifesta que a Deputación de Pontevedra votou que non a esta moción debido á inexactitude de determinados puntos, pero non que non queiran solucionar o problema.
Intervén o Sr. Aragunde Aragunde para aclarar que a Deputación de Pontevedra non solicitou unha reunión coa Xunta de Galicia para presentar outra proposta, senón que manifestou a súa rotunda negativa, mentres que outras Deputacións prestáronse a facer esta reforma.
Intervén o Sr. Caamaño Rivas e menciona que primeiro debe negociarse e chegar a un acordo e despois preséntase a proposta, e non ao revés.
Pola Alcaldía procédese a someter á **votación** da moción presentada polo Partido Popular referente á **comarcalización dos parques de bombeiros**, obtendo o seguinte resultado:
Votos a favor: 7 (Partido Popular).
Votos en contra: 8 (PSOE, BNG, Somos Cambados).
Abstencións: 1 (Cambados Pode).
Como resultado da votación e por maioría dos membros presentes no Pleno, queda desestimada **a aprobación da moción presentada polo Partido Popular**.

Expediente 2093/2018. MOCIÓN DE SOMOS CAMBADOS A PROL DA LIBERDADE DE EXPRESIÓN

O Sr. Xurxo Charlín Trigo, Concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta moción, en base á seguinte **exposición de motivos:**
"A liberdade de expresión e un dereito humano fundamental e universal: todas e todos temos dereito á liberdade de opinión e de expresión, que inclúe o dereito a manter unha opinión sen interferencias e a buscar, recibir e difundir información e ideas a través de calquera medio de difusión sen limitación de fronteiras, tal e como establece a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
No Estado español, algúns acontecementos ocorridos nos últimos anos poden comprometer este dereito básico das persoas, claramente recoñecido no noso ordenamento xurídico, co obxectivo de limitar e conter o citado dereito á liberdade de expresión. De feito, a organización Amnistía Internacional xa denunciou no seu informe anual a restrición desproporcionada da liberdade de

expresión en España.
Así, estamos a observar na actualidade como se reprime a discordancia política e se vulnera a liberdade de expresión: secuéstranse libros e revistas; prohíbense cancións; criminalízanse reunións, protestas e mobilizacións; censúranse obras de arte; castíganse bromas nas redes sociais, etc. A modo de exemplo, describimos a continuación como nos últimos días se puido vulnerar a liberdade de expresión:

- *O rapeiro Valtónyc foi condenado a tres anos de cárcere por "calumnias e inxurias graves á coroa e enaltecemento do terrorismo" polas letras das súas cancións.*
- *A feira de arte ARCO censurou unha obra sobre presos políticos que inclúe a Jordi Cuixart, Jordi Sánchez e Oriol Junqueras.*
- *A fiscalía pide para Emilio Cao, un estudante de Filosofía do Carballiño (Ourense), cinco anos e oito meses de cárcere, ademais dunha multa de 6000 euros tras ser detido en maio de 2014 no decurso dunha manifestación das Marchas da Dignidade en Madrid.*
- *O Alcalde de Santiago de Compostela, Martiño Noriega, recibiu nestes días pasados ameazas moi graves contra el e a súa familia por permitir a difusión dun pregón satírico polas festas do Entroido.*
- *O libro "Fariña", obra que afonda no narcotráfico galego, do xornalista Nacho Carretero, foi secuestrado por orde xudicial. O motivo: unha demanda dun ex-alcalde por suposta vulneración do seu dereito ao honor.*

E todo isto, nos últimos días, pero poderíamos indicar moitos máis exemplos sucedidos nos últimos meses. Xa que logo, estamos a presenciar unha grave vulneración de dereitos civís e unha intensificación da persecución pola vía penal de certos actos que nos retrotraen medio século atrás (aos tempos do réxime franquista), mentres vemos como a corrupción non se persegue con tanta virulencia.
Estes recortes na liberdade de expresión son, en boa medida, consecuencia da entrada en vigor, o 1 de xullo de 2015, da Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, coñecida como "Lei Mordaza", exemplificación clara da penalización da liberdade de expresión e das condutas periféricas a ela coa finalidade de amedrentar e disuadir a todas as persoas que se atrevan a protestar e manifestarse publicamente. O Congreso dos Deputados aprobou os días 29 de novembro de 2016 e 21 de marzo de 2017 a derrogación da citada lei pero a mesma segue en vigor.
Por todo o exposto anteriormente, solicitámoslle ao Pleno da Corporación do Concello de Cambados que adopte o seguinte ***ACORDO****:*

1. *Expresar o noso apoio e solidariedade a todas as persoas que vexan vulnerado o seu dereito fundamental á liberdade de expresión.*
2. *Instar ao Goberno de España a derrogar a Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, tal como aprobou o Congreso dos Deputados os días 29 de novembro de 2016 e 21 de marzo de 2017."*

A Sra. Alcaldesa abre a rolda de intervencións e comeza o **Sr. Abal Roma**, Concelleiro do grupo municipal Cambados Pode para **manifestar** que está de acordo coa moción.
Intervén o Sr. Caamaño Rivas, voceiro do grupo municipal BNG, para indicar que, que haxa tantos exemplos de vulneración da liberdade de expresión, é un claro exemplo de retroceso democrático e que parece que seguimos con ideas da época franquista.
Intervén a Sra. Alcaldesa e como voceira do Partido Socialista manifesta que lle parece incomprensible que, a día de hoxe, se teña que traer a un Pleno unha moción como esta, máis propio dunha época de censura, e recita un fragmento da Constitución, título primeiro (dereitos e deberes fundamentais), capítulo (libertades) e sección primeira no artigo 20, segundo di: *"se recoñecen e protexen os dereitos a expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións, mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución"*, e no apartado b): *"á creación literaria, artística, científica e técnica";* comenta que esta lei, nomeada de seguridade cidadá, é mais ben coñecida como "lei mordaza", e manifesta o rexeitamento dos socialistas a esta lei cuxo obxectivo é

pór nunha situación complicada ao disidente, ao que protesta, a posibilidade de quen protesta teña intranquilidade pública e por outra banda é un valor sen comprensión institucional; esta lei supón unha inversión na orde constitucional ao situar como principal obxectivo das sancións da policía a seguridade cidadá, e desde logo non fai exercicio dos dereitos fundamentais como di o artigo 104 da Constitución; por outro lado, a fixación de multas é desproporcionada, e iso tamén vulnera a Constitución, en concreto o artigo 9.3 e o artigo 25.1 no que se indica o principio de legalidade, duplicidade e proporcionalidade da sanción e o modelo de facer ilegal a disidencia ideolóxica, baixo a idea de que esa disidencia altera a orde pública e a seguridade cidadá; remata a súa intervención emitindo que dende o seu grupo político apoiarán esta moción.
Intervén o Sr. Aragunde Aragunde para manifestar que está a favor da liberdade de expresión pero comenta que esta liberdade tamén remata onde empeza a do veciño que está ao lado; tamén que a proposta é un dereito e ademais é necesario, pero a veces tamén se excede a liberdade de expresión faltando á liberdade e dereitos ao do lado; comenta que lle parece curioso que se traia unha moción sobre a liberdade de expresión ao Pleno e que dende o Partido Popular non están de acordo co secuestro do libro, pero si con determinadas cousas que aparecen en el, argumentando que lle fai bastante dano ao Concello de Cambados; fai recordar aos presentes que a liberdade de expresión tamén é poder falar nos Plenos e que o Partido Popular representa a case a metade dos veciños do Concello de Cambados, e nalgunha ocasión, neste Pleno tiveron que levantarse e irse porque se lles negou a palabra, estando na súa quenda para comentar eludindo na vixente lexislación o R.O.F. e o Regulamento Orgánico Interno; polo comentado anteriormente emite que dende o seu partido municipal deciden absterse na votación desta moción.
Intervén a Sra. Alcaldesa e comenta que o que expresa o Sr. Aragunde Aragunde é completamente falso, explicando que nese Pleno, que está colgado na plataforma de Youtube, houbo unha intervención do Sr. Cordal Rodríguez en defensa dunha moción que nada tiña que ver co debate posterior, e explica que o Sr. Aragunde Aragunde tivo a súa quenda de intervención, o Sr. Cordal Rodríguez, que foi quen presentou a moción, tivo unha réplica e posteriormente o Sr. Aragunde Aragunde volveu a ter a contra réplica, e, segundo di o regulamento interno e o propio R.O.F., o Concelleiro que presenta unha moción a un Pleno, é o que ten que pechar o debate; por outro lado, cando a Presidencia entende que o que se está a debater non entra no punto do orde do día, como era neste caso, que o Sr. Aragunde Aragunde empezou a falar da apertura do Centro de Día e xa íamos pola terceira contra réplica, o regulamento interno cita textualmente no artigo 38, punto número 5: *"a Presidencia, cando estime oportuno, pechará o debate antes de fixar os términos da votación"*.

Pola Alcaldía procédese a someter a votación a moción presentada polo partido municipal Somos Cambados a prol da liberdade de expresión
Votos a favor: 9 (PSOE, BNG, Somos Cambados, Cambados Pode).
Votos en contra: 0.
Abstencións: 7 (Partido Popular).
Como **resultado da votación**, e por maioría dos membros presentes no Pleno, **apróbase a moción a prol da liberdade de expresión.**

Expediente 2054/2018. MOCIÓN DE CAMBADOS PODE PARA REGULAR HORARIOS DE PECHE DAS CASETAS DA FESTA DO ALBARIÑO

Pola Presidencia concédese quenda ao Sr. Abal Varela, Concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados e voceiro do grupo municipal mixto de Cambados Pode, para que expoña a moción.
Asiste o **Sr. Abal Varela** e manifesta que o 15 de abril deste ano o Presidente de Denominación de Orixe Rías Baixas anuncia, nun medio de comunicación local, que a Festa do Albariño do Concello de Cambados tornou dunha forma que a el non lle gusta, e a moitos outros tampouco, e considera que os cambios que o Consello Regulador propuxo, que prevén o peche das casetas antes, son o mellor para a Festa e para o Sector, decisión que tomou, nun Pleno, o Consello Regulador Rías Baixas, onde

están representadas grandes, pequenas e medianas empresas de viticultores e sindicatos e explica, o Presidente de Denominación de Orixe Rías Baixas, que as decisións que se someten ao máximo órgano, están moi pensadas e debatidas; comenta que ese artigo creou unha alarma e preocupación no sector vitivinícola, hostaleiro e entre os veciños de Cambados, polo que, dous días despois redactaron unha moción para presentar na Cámara Plenaria, con rexistro de entrada o dezasete de abril, na que alertan das consecuencias nefastas que podería ter para a economía local e tamén da Comarca o peche das casetas ás 00.30 horas; e a continuación presenta, para o seu debate e aprobación, a moción en base ao seguintes **motivos**:

"Durante o mes de Abril deste ano 2018 suscitouse unha polémica pola decisión unilateral do Pleno do Consello Regulador Rías Baixas de cerrar as casetas de albariño ás 00:30 horas, o que nos parece unha medida contraproducente que pode orixinar consecuencias nefastas na economía local de Cambados e da comarca pola transcendencia desta Festa como motor enoturístico de promoción.

En primeiro lugar, dende Cambados Pode queremos poñer en valor os cambios que o goberno de Cambados introduciu durante os últimos 3 anos que contribuíron a mellorar a imaxe da Festa e sobre todo a poñer en valor a excelencia dos viños albariños da D.O. Ría Baixas.

1. *As casetas dos baños con servizo de limpeza durante todo o horario de apertura.*
2. *Aparcamentos disuasorios (no ano 2017 creáronse 1300 prazas a maiores) nas principais entradas a Cambados, o que permitiu mellorar a ordenación do tráfico e facer máis fluída a circulación viaria durante os días de Festa.*
3. *Reforzo do servizo municipal de limpeza. Unha demanda histórica da veciñanza cambadesa que contribuíu a proxectar unha imaxe enoturística do noso pobo acorde aos encantos cos que cada ano Cambados marabilla a milleiros de visitantes.*
4. *Reciclaxe de vidro e servizo de recollida de botellas durante os días de festa. No ano 2017 recicláronse 12 toneladas xerando unha imaxe de excelencia que os adegueiros valoraron moi positivamente.*
5. *Mellora da Seguridade Cidadá. O servizo de policía local incrementa tanto recursos humanos como técnicos durante o evento para que todo transcorra co mínimo número de incidencias.*
6. *Redistribución da oferta cultural e musical, levando a cabo concertos noutras zonas como o entorno de Santo Tomé, Ruínas de Santa Mariña, outras prazas públicas, etc. Isto axuda a expandir a festa por todo o casco urbano da nosa vila.*

Na actualidade, dende Cambados Pode, valoramos moi positivamente que o goberno de Cambados este totalmente implicado en conseguir a declaración da Festa como de Interese Turístico Internacional e somos conscientes de que o nomeamento do noso pobo, como Cidade Europea do Viño 2017, contribuirá a que este obxectivo se acade o antes posible. A edición da Festa do ano 2017 tivo máis repercusión nos medios de comunicación internacionais ca nunca.

*Cambados forma parte da Rede de Cidades Europeas do Viño **(RECEVIN)**. Esta asociación ten como **principais obxectivos:***

- *Fomentar o enoturismo.*
- *Impulsar e promover os territorios vitivinícolas.*
- *Dar a coñecer todo o relativo ao mundo do viño.*
- *Potenciar os destinos enoturísticos.*

Todo elo coa finalidade de promover e desenrolar as economías locais dos territorios vitivinícolas.

A Festa do Albariño de Cambados é un motor de potenciación da nosa economía local, dado alto volume económico que se move durante os días da Festa. Hoteis, restaurantes, pubs, bares, cafeterías, comercio local, gastronomía, sector vitivinícola, agricultura, etc. En definitiva, temos moi claro que o Concello de Cambados debe traballar como en estos tres últimos anos para que entre todas e todos fagamos que a Festa siga mellorando ano tras ano.

Tanto en política como na vida mesma, os cambios deben ser graduais, progresivos, consensuales e sempre moi meditados, para que as consecuencias dos nosos actos non se escapen do noso espectro de obxectivos.

A medida radical, unilateral, autoritaria do Pleno do Consello Regulador podería ocasionar danos catastróficos para o futuro da nosa Festa e da economía local de Cambados e da Comarca do Salnés. As consecuencias son imprecisables pero sen lugar a dúbidas produciríase un incremento desmesurado do botellón ao estar cerradas as casetas a media noite. A afluencia de visitantes a Cambados caería en picado dado que neses días de verán é de días ata as 11 da noite e se pechamos tan cedo, moitos turistas xa non se acercarían á nosa vila, xa que polo día están nas praias.

Temos constancia que nos últimos presupostos municipais, o Concello de Cambados inviste en torno a 350.000 euros na Festa do Albariño, cartos das cambadesas e cambadeses. Pola contra, o Consello Regulador inviste unha cantidade mínima porque, a pesar de que se encarga de instalar os stands das casetas, son os adegueiros os que asumen este gasto a través do aluguer que teñen que pagar.

Todo isto apunta a que debe ser o Pleno do Concello de Cambados, a través dos 17 concelleiros os que decidan cal debe ser o modelo da Festa do Albariño. Tal como di a Constitución Española, a soberanía nacional reside no pobo español e a cidadanía a través do sufraxio universal decide os representantes dos Poderes do Estado. Polo tanto, compete exclusivamente á Cámara Plenaria do Concello de Cambados tomar a decisión transcendental, en canto aos horarios de peche das casetas do albariño.

Está en xogo o futuro da nosa festa, da nosa economía local, da declaración de Interese Turístico Internacional. O Consello Regulador Rías Baixas é un colaborador da Festa que baixo ningún concepto pode impoñer ao organizador natural (Concello de Cambados) condicións que poñan en risco as cuestións que acabamos de expor."

*Por outra banda, a competencia da regulación de horarios de peche das casetas da Festa do Albariño, ao igual que os establecementos hostaleiros, correspóndelle á Xunta de Galicia. De acordo coa **ORDE do 16 de xuño de 2005** pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 2.9.2. Verbenas e festas populares, o horario máximo permitido será ata as **3.30 h**. da madrugada.*

Esta mesma orde no artigo 2º.-Ampliación do horario máximo, indica que as noites que van de xoves a venres, de venres a sábado, de sábado a domingo e de domingo a luns, así como as noites anteriores aos festivos e a do festivo, estes horarios serán ampliados media hora.

*Tamén cita, o artigo número 5 desta Orde, a **competencia para horarios especiais:***

***5.1.** Os delegados provinciais poderán autorizar ampliacións dunha hora sobre os horarios límite de peche establecidos nos artigos 1º e 2º, nos seguintes supostos:*

a) Festas locais, patronais, de Nadal e verbenas populares.

b) Nas localidades turísticas, durante o período de maior afluencia, sempre e cando non se altere a normal convivencia da poboación.

c) Cando o requira a duración do espectáculo.

***5.2.** O Director Xeral, con competencia en materia de espectáculos públicos, poderá autorizar ampliacións do horario regulado nesta orde, sempre que concorran circunstancias excepcionais que resulten acreditadas.*

***5.3.** As ampliacións dos horarios previstas nos puntos anteriores, requirirán previo informe do Concello onde se desenrole o espectáculo ou a actividade recreativa, que se deberá emitir nun prazo máximo de 15 días. No caso de non emitirse o informe requirido, o órgano competente decidirá tendo en conta as circunstancias concorrentes.*

***5.4.** As ampliacións do horario requirirán resolución motivada.*

***5.5.** Revogación da autorización: o mal uso da autorización concedida, o cambio de circunstancias, as molestias debidamente comprobadas aos veciños ou a produción de altercados na contorna, poderán motivar a revogación da autorización, previa audiencia do interesado.*

*Por todo o exposto anteriormente, solicitámoslle ao Pleno da Corporación do Concello de Cambados que adopte o seguinte **ACORDO**:*

1. *Establecer como horario de peche para as casetas do albariño durante os días de Festa (1, 2, 3, 4 e 5 de agosto do 2018) os seguintes:*

1 e 2 de agosto (mércores e xoves): entre as 03:00 e 04:00 da madrugada.
3 e 4 de agosto (venres e sábado): entre as 04:00 e 05:00 da madrugada.
5 de agosto (domingo): entre as 00:00 e 01:00 da madrugada.

2. *Realizar todos os trámites internos oportunos por parte do Concello de Cambados e notificar nun prazo máximo de 10 días hábiles ao Presidente do Consello Regulador Rías Baixas do acordo adoptado polo órgano Plenario Municipal de Cambados."*

A Presidencia da comezo á rolda de intervencións e concede quenda á **Sra. Secretaria** que quere deixar constancia, que a súa opinión xurídica, é que os termos nos que está redactada a moción, tanto na parte resolutiva como no acordo, pode inducir a confusión, dado que o correcto sería presentar unha moción para instar á Xunta de Galicia a que autorizase unha ampliación dos horarios polo motivo excepcional da Festa do Albariño, e tal e como está redactada enténdese que a competencia é a que marca a Normativa Autonómica.
Toma a palabra o Sr. Cordal Rodríguez, voceiro do grupo municipal Somos Cambados, para indicar que ó principio houbo unha certa alarma social, pero o Consello Regulador rectificou a súa posición inicial, polo que dende o seu partido comparten e entenden que se presentara esta moción, pero as circunstancias cambiaron e polo tanto vanse abster á votación.
Intervén o Sr. Caamaño Rivas, voceiro do grupo municipal Bloque Nacionalista Galego, e manifesta que non entende que se traia ao Pleno o debate dun horario que está marcado por lei; por outra banda indica que o Bloque Nacionalista Galego estibo en comisión co Consello Regulador e expón que a Festa do Albariño é organizada polo Concello de Cambados, e non o Consello Regulador, polo tanto o Concello vai a establecer os horarios que lle permita a lei; considera que a formulación da moción foi errada e por todo o mencionado, dende o seu partido municipal, aclara que se van a abster á votación.
Toma a palabra a Sra. Alcaldesa como voceira do grupo municipal Partido Socialista Obreiro Español, e indica que coinciden coa exposición de motivos da moción e da importancia que ten para o Concello de Cambados a Festa do Albariño, pero explica que non coinciden con determinadas cousas como é o parágrafo que cita textualmente: *"Polo tanto, compete exclusivamente á Cámara Plenaria do Concello de Cambados tomar a decisión transcendental, en canto aos horarios de peche das casetas do albariño"* , debido a que é competencia da Lexislación Autonómica e non da Cámara Plenaria do Concello de Cambados; ademais o futuro da festa e da declaración de Interese Turístico Internacional non se debería ver prexudicada polo peche das casetas, aínda que si é importante para as persoas que veñen a desfrutar da festa; en canto a outra afirmación que expón na moción, e que cita textualmente: *"o Consello Regulador Rías Baixas é un colaborador da festa que baixo ningún concepto pode impoñer ao Organizador Natural Concello de Cambados, condicións que poñan en risco as posicións que acabamos de expor"*, explica que non están de acordo con esta afirmación e non creen que o Consello Regulador, baixo ningún concepto, queira poñer en risco a Festa do Albariño dado que son os principais interesados; manifesta que a importancia da Festa vese reflexa en que xa levan moitos meses reuníndose co Consello Regulador e teñen creada unha comisión de traballo, formado polos catro voceiros municipais e unha representación do Consello Regulador, formada polo Presidente do Consello e os Presidentes dalgunhas bodegas; segue explicando que se reuniron e acordaron crear un Convenio entre o Consello Regulador e o Concello de Cambados, para establecer uns horarios máximos de apertura das casetas, convenio que foi emitido polos servizos xurídicos do Consello Regulador, foi pasado aos servizos xurídicos e de intervención do Concello de Cambados e finalmente culminou no día de onte coa súa aprobación na Xunta de Goberno; por outra banda, manifesta que onte, tan pronto foi aprobado este Convenio, comunicóuselle ao Presidente do Consello Regulador, dado que agora son eles os que o teñen que aprobar no seu Pleno, que será o día 21 de xuño, e explica que o Presidente xa adiantou que non habería ningún tipo de problema; finaliza aclarando que e os horarios de peche das casetas veñen establecidos no Convenio son os que dita a Lexislación Autonómica que está en vigor, e manifesta que, dende o Partido Socialista Obreiro Español, vanse abster da votación.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde, voceiro do Partido Popular, para interpelar á Sra. Secretaria, si causaría efectos, o Convenio firmado pola Alcaldía, no caso de que esta moción fora aprobada polo Pleno, dado que o Pleno é o Órgano máximo do Concello de Cambados.

Intervén a Sra. Secretaria para explicar que entre os Órganos colexiados, na Administración Local, non hai unha relación de xerarquía, pois no Pleno están presentes todos os Concelleiros, e entende que hai unha certa contradición, pois a Xunta de Goberno fala de adaptarse aos horarios que establece a Normativa Autonómica, e os termos en que está redactada a moción pode inducir a confusión, pois lese que a Cámara Plenaria do Concello de Cambados pode, exclusivamente, tomar a decisión transcendental en canto aos horarios de peche.

Segue a súa intervención o Sr. Aragunde Aragunde e manifesta que lle corresponde ao goberno municipal tratar e debater este asunto, pois é unha labor de consenso entre os membros do goberno municipal e o Consello Regulador, e non debatela en forma de moción nun Pleno; comenta que dende o Partido Popular fixeron unhas declaracións públicas onde rexeitaban a proposta presentada polo Consello Regulador que, evidentemente sería prexudicial para a economía e para a festa en xeral, pero de todas formas, non se pode permitir que un Concelleiro do goberno municipal arremeta publicamente contra o Presidente do sector máis importante que hai en Cambados, como é o sector vitivinícola; tamén explica que a imaxe que reflicte o goberno municipal é dunha descoordinación nefasta que lle afecta ao propio Concello de Cambados, chagando ao punto no que o propio Partido Popular, na oposición e sen maioría, podería chegar a tomar decisións; finalmente manifesta que, dende o seu partido, van a ser leais ao Convenio firmado co Consello Regulador, e vanse abster á votación desta moción.

Intervén o Sr. Abal Varela, voceiro do grupo municipal Cambados Pode, e explica que a competencia de horarios máximos en espectáculos de establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia pertence á Xunta de Galicia, e argumenta que esta moción respecta estritamente o que sinala a lei; manifesta que o Concello de Cambados é o organizador da Festa do Albariño e, como tal, pode decidir o horario de peche máximo dos stands, sempre e cando non incumpra os horarios máximos establecidos pola Xunta de Galicia; aclara que a moción vai acorde ao que establece a lei autonómica; por outra banda, puntualiza que en ningún momento se arremeteu contra o Presidente do Consello Regulador, o que é evidente, é que a estratexia de negociación levada a cabo por este non é a correcta, que o primeiro que fixo foi aprobar nun Pleno unha proposta de horarios para os stans ás costas do Concello e intentando boicotear a Festa do Albariño antes das eleccións; engade ademais que, non é a primeira vez que intenta chantaxear ao goberno municipal, pois uns meses antes, no ano 2017, nunha Comisión Informativa para declarar o Concello de Cambados Cidade Europea do Viño, o Consello Regulador D.O. Rías Baixas e a asociación Ruta do Viño Rías Baixas, presidido ambas as dúas polo Sr. Juan Gil de Araujo, non participaron na Comisión Organizadora, pondo en perigo a declaración de Cambados como Cidade Europea do Viño e de Interese Turístico Nacional; para rematar, explica que, con esta moción, pretenden que se siga conservando os mesmos horarios dos últimos 20 anos e non entende porque suscita dúbidas xurídicas, pois respecta o establecido na lei.

Intervén o Sr. Caamaño Rivas, voceiro do grupo municipal Bloque Nacionalista Galego, para dicir que coincide co expresado polo voceiro do Partido Popular en canto á moción, pero indica que o goberno está formado por catro forzas política completamente diferentes, e que a iso chámaselle democracia .

Intervén a Sra. Alcaldesa para manifestar que dende o seu partido non coinciden coa formulación do Concelleiro Víctor Manuel Caamaño Rivas, pois consideran que o Consello Regulador, no seu Pleno, votou a proposta que ían traer á reunión co Concello en comisión de traballo, e aclara que tiñan a proposta das doce e media coa liberdade de negociar co Concello, o que pasou foi que houbo unha alarma social antes de que puidéramos celebrar a reunión.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde para insistir que hai unha descoordinación entre os grupos de goberno e que o están a pagar os veciños de Cambados, si un Concelleiro do grupo de goberno non é capaz de convencer e buscar o apoio dos seus compañeiros de goberno evidentemente na oposición terá menos apoio.

Remata o debate o **Sr. Abal Varela**, voceiro do grupo municipal Cambados Pode, para pedir que se apoie a moción e para pedir tranquilidade e coherencia.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, acadando o seguinte resultado:
Votos a favor: 1 (Cambados Pode)
Votos en contra: 0
Abstencións: 15 [PSOE (3), BNG (3), Somos Cambados (2), Partido Popular (7)].

Sometido asunto a votación, O Pleno da Corporación Municipal, por maioria de votos, acorda aprobar a moción presentada polo grupo municipal Cambados Pode para regular os horarios de peche das casetas de Albariño no paseo da calzada durante os días de Festa da 66ª edición da Festa.

Expediente 1714/2018. MOCIÓN DE SOMOS CAMBADOS PARA EXPRESAR O REXEITAMENTO AO FALLO DA SENTENZA XUDICIAL AO GRUPO DE VIOLADORES "A MANADA"

Pola Presidencia dáse paso ao Sr. Cordal Rodríguez, Concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, pertencente ao grupo municipal Somos Cambados, para expor a moción.
Ausentase do Pleno a Sra. Alcaldesa ás 23 horas e 4 minutos.
Reincorpórase ao Pleno a Sra. Alcaldesa ás 23 horas e 6 minutos.
"A noite do 7 de xullo do 2016, durante a celebración dos San Fermín en Pamplona, cinco homes (pertencentes ao grupo auto-proclamados como "La Manada") violaron e vexaron a unha moza de 18 anos, furtando posteriormente o seu móbil para evitar que pedise axuda e deixándoa tirada nun portal.
A pesar de que os feitos parecían claros e a pesares da enorme alarma social xerada a sentenza desestima a petición, tanto da fiscalía como da acusación particular, de condena por agresión sexual.
A condena redúcese así de 25 a 9 anos de cárcere. Tamén resultan absoltos do delito de atentado contra a intimidade.
Dende Somos Cambados entendemos que se trata dunha sentenza a todas luces lamentable para as mulleres e que mostra unha vez máis a desigualdade e a desprotección á que se ven sometidas na súa vida, unha sentenza que fica moi lonxe do que nos entendemos por xustiza ante os feitos coñecidos.
Vemos con grande preocupación a mensaxe que se transmite ás mulleres e á cidadanía en xeral con esta sentenza:
En primeiro lugar, non podemos entender como pode non existir violencia nin intimidación cando unha muller é atacada contra a súa vontade por 5 homes que a penetran sen o seu consentimento e sen poder defenderse durante 18 minutos?
Por outra banda, é bastante incomprensible que os absolvan dun delito contra a intimidade cando gravaron e difundiron vídeos dos feitos. Xa que un dos xuíces emitise un voto particular pedindo a absolución dos 5 integrantes da "Manada" está fora de toda lóxica.
Insístese en que as mulleres denuncien calquera tipo de violencia, pero a realidade é que cando o fan vense soas.
Por todo isto, desde Somos Cambados entendemos que ningunha agresión debe quedar sen resposta, porque neste caso a resposta non está á altura da xustiza e cremos afonda unha vez máis na desprotección das mulleres por parte do Estado. Porque se nos tocan a unha tócannos a todas e a manada somos todas. Por todo isto, Somos Cambados insta ao Pleno do Concello a que asuma os seguintes ***ACORDOS***
PRIMEIRO.*- Manifestar o rexeitamento do Pleno do concello de Cambados á sentenza e á interpretación legal realizada polos maxistrados da Audiencia de Navarra, entendendo que si existiu intimidación e, polo tanto, unha violación que debe ser considerada agresión sexual, e non abuso, tal e como se establece nos artigos 178 e seguintes do Código Penal.*

***SEGUNDO.**- Denunciar o feito de que as mulleres sigan sendo dobremente vítimas: por parte dos agresores e por parte da sociedade e da xustiza cun machismo estrutural tremendamente enraizado.*
***TERCEIRO.**- Instar ao Goberno e ás Cortes a levar a cabo as políticas e iniciativas lexislativas precisas e se incrementen os recursos para defender os dereitos que as mulleres están a reclamar activamente."*

A Presidencia da comezo á rolda de intervencións e concede quenda ao **Sr. Abal Varela**, voceiro do grupo municipal Cambados Pode, que manifesta dende o seu grupo político o rexeitamento á sentenza e comenta a necesidade de instar aos poderes para que se reforme o código penal para que teña en conta a intimidación, dado que no caso de que unha moza non se defenda, segundo a lei, a agresión non queda evidenciada, e por outro lado, si a moza se defende, corre o risco de que termine nunha morte, coma no caso de Diana Quer; por todo elo, a necesidade de establecer unha lei clara para que o regulamento xurídico non deixe dúbidas á hora de establecer unha condea, e así, non volvan a producirse sentenzas tan endebedes como as deste caso.

Intervén o Sr. Caamaño Rivas, voceiro do grupo municipal Bloque Nacionalista Galego, para manifestar que están de acordo e apoian a moción presentada polo grupo Somos Cambados.

Auséntase do Pleno o Sr. Caamaño Rivas sendo as 23 horas e 10 minutos.

Intervén a Sra. Alcaldesa, voceira do grupo municipal Partido Socialista Obreiro Español, para indicar que despois de que saíra a sentenza fixéronse diversos actos, encabezados pola Plataforma e polo propio Concello, en concreto o día 28 de Abril, rexeitamento en forma de cacerolada para mostrar o rexeitamento á sentenza; indica que foi claramente unha violación levada a cabo por "uns animais", e procede a citar os seus nomes publicamente; segue a comentar que algúns deles xa eran reincidentes e con antecedentes policiais, foron condenados a nove anos de prisión, e poderán pedir permisos penitenciarios a partir dos seis meses dende que se ditou a sentenza; indica tamén que foron condenados por abusos sexuais e non por violación.

Reincorpórase o Sr. Caamaño Rivas ao Pleno, sendo as 23 horas e 13 minutos.

Segue a súa intervención a Sra. Alcaldesa indicando a necesidade de modificar a lei e pondo por exemplo un caso acontecido en Cantabria, no que un xuíz non aprecia violencia no abuso sexual a unha nena de 5 anos porque non opuxo resistencia e remata indicando que non se pode confundir unha violación, exista ou non violencia; remata a súa intervención indica que dende o seu grupo municipal apoiarán esta moción.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde, voceiro do Partido Popular, para manifestar que non teñen nada máis que engadir e que por suposto apoiarán a moción.

Pola Alcaldía sométese a votación a moción presentada polo partido municipal Somos Cambados para expresar o rexeitamento ao fallo da sentenza xudicial ao grupo de violadores "A Manada".

Sometida a votación , a moción é aprobada por **unanimidade** .

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN CONTA INFORME MOROSIDADE PRIMEIRO TRIMESTRE DO 2018

Pola Alcaldía dáse conta do informe de morosidade do primeiro trimestre de 2018, do que teñen copia tódolos membros da Corporación.
Transcríbese seguidamente o informe da Tesourería Municipal, emitido en data 24 de abril de 2018:

"...ASUNTO.- Cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Cambados. Relación de obrigacións recoñecidas na que se incumpre o prazo de pago marcado pola Lei 15/2010, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Primeiro trimestre de 2018.

D. Aitor Iglesias Monzón, funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional e Tesoureiro deste Concello, emite o seguinte informe:

LEXISLACIÓN APLICABLE.
Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido dá Lei de contratos do sector público.
Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira
Orde Ministerial HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro.

INFORME.-
De conformidade co estipulado no artigo 4.3 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, "Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluirá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo". A elaboración do presente informe realízase seguindo as pautas da Guía de data 23 de marzo de 2011 da Intervención Xeral da Administración do Estado relativa aos informes trimestrais que as Entidades Locais han de remitir ao Ministerio de Facenda, así como á Guía de abril de 2015 da Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais.

Primeiro.- Ámbito de aplicación.
De acordo co disposto no artigo 1.2 da Lei 15/2010, o disposto neste informe é de aplicación a todos os pagos efectuados como contraprestación nas operacións comerciais entre o Concello de Cambados e os seus provedores.

Segundo.- Prazos de pago. *Á vista do artigo 216.4 do texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e modificado pola Disposición Final Primeira da Lei 13/2014, do 14 de xullo, de Transformación do Fondo de Financiamento de Pagos a Provedores, "A Administración terá a obrigación de abonar o prezo dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato, dos bens entregados ou servizos prestados." Engade o devandito artigo que "A Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación, sempre que non sexa manifestamente abusivo para o acredor no sentido do artigo 9 da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais". O mesmo continúa sinalando que "En caso de demora, a Administración deberá abonar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días, os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas*

de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que haxa lugar ao comezo do cómputo de prazo para o deveño de intereses, o contratista deberá de cumprir a obrigación de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo".

Terceiro.-. Datos trimestrais

Ó abeiro do establecido anteriormente, esta Tesourería, en base aos datos extraídos do programa de contabilidade:

a) Pagos realizados no trimestre:

Pagamentos realizados no período				
Período Medio Pago (PMP) (días)	Pagos Dentro Período Legal Pago		Pagos Fora do Período Legal Pago	
	Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total
116	60	**138.300,87**	**914**	**886.569,51**

b) Xuros de mora pagados no período (non se atende ó establecido no artigo 216 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de aboamento de oficio dos mesmos).

Xuros de Demora Pagados no Período	
Número de Pagos	Importe Total xuros
0	0

c)Facturas o documentos xustificativos pendentes de pagamento ó final do trimestre.

Facturas ou Documentos Xustificativos Pendentes de Pagamento ao final do Período				
Período Medio Pago Pendente (PMPP) (dias)	Dentro Período Legal Pago ao final do Período		Fóra Período Legal Pago ao final do Período	
	Número de Operacións	Importe Total	Número de Operacións	Importe Total
44	685	**674.154,09**	370	**205.542,71**

d) Detalle do período medio de pagamento global a proveedores. Informe da Intervención Municipal de 31.07.2018

Períodos de PMP incluídos	PMP (días)
Primeiro trimestre 2018	52,98

O presente informe se deberá someter ó coñecemento e no seu caso, debate polo Pleno do Concello, e remitirse, en todo caso, ó órgano competente da Comunidade Autónoma e ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, para o seu coñecemento a efectos oportunos.

Con respecto a súa remisión o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas deberase ter en conta o disposto no artigo 16 da Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se regulan as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira que establece que, antes do último día do mes seguinte a

finalización de cada trimestre do ano se remitirá unha determinada información, entre a que se atopa o informe trimestral regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo...”

O Pleno dáse por enterado.

DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Pola Presidencia dáse conta das Resolucións adoptadas pola Alcaldía dende o número 2018-0160 ao 2018-0290, das que se lle dou traslado a tódolos membros da Corporación.

O Pleno dáse por enterado.

URXENCIA.- Expediente 1463/2018. MOCIÓN DE SOMOS CAMBADOS PARA QUE SE DECLARE ZONA CATASTRÓFICA PARROQUIA DE CASTRELO AFECTADA POLA CICLOXÉNESE

ANTECEDENTES.- O Sr. Charlín Trigo, voceiro do grupo municipal Somos Cambados, expón que a moción para que se declare zona catastrófica a parroquia de Castrelo afectada pola cicloxénese explosiva “Hugo” presentouse o día 10 de abril e descoñece porque non se incluíu na orde do día, e mostra o seu malestar debido a que os veciños da parroquia de Castrelo, presentes no Pleno, tiveron que esperar ata o remate deste.

Visto o establecido no artigo 82 e 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, procede someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, a Moción presentada polos membros do grupo municipal Somos Cambados para que se declare zona catastrófica a parroquia de Castrelo afectada pola cicloxénese explosiva “Hugo”, polo que deberá ratificarse a súa inclusión na Orde do día.

Sometida a votación, a Corporación, **por unanimidade**, acorda ratificar a súa inclusión por urxencia, na orde do día da presente sesión.

Seguidamente o Sr. Charlín Trigo da lectura á Moción que se transcribe seguidamente:
“O paso da Cicloxénese Explosiva “Hugo”, que se produciu hai uns días, con ventos que superaron os 110 quilómetros hora, provocaron moitas incidencias na comarca do Salnés e no Concello de Cambados, máis concretamente na parroquia de Castrelo, no que un tornado sorprendeu a tarde do pasado 23 de marzo aos veciños desta parroquia. Foron apenas uns segundos, pero a virulenta forza do vento afectou directamente a unha ducia de vivendas e a varios negocios da zona, que viron como voaban os tellados e rachaban os cristais de moitas fiestras, incluso derrubaba parte dun balado así como afectaba a moitas zonas agrícolas da parroquia de Castrelo.
Isto, nunha parroquia como Castrelo pode producir un grave prexuízo económico para os afectados, e para os agricultores e viticultores da zona e, como consecuencia, para o resto de sectores económicos, que dependen en grande medida de que o noso sector primario teña vitalidade e xere beneficios.
A xestión destas emerxencias e a minimización dos danos requiren o esforzo e colaboración de todas as Administracións Publicas implicadas mediante a actuación coordinada.
Xa que logo, desde o Somos Cambados consideramos necesario que as distintas administracións, comezando polo concello, tomen decisións encamiñadas a tratar de paliar as perdas que a primeira Cicloxénese Explosiva desta primavera, “Hugo”, causaron no sector agrícola da parroquia de Castrelo e as empresas e os veciños afectados.

Para a correcta aplicación dos principios de colaboración e coordinación entre Administracións públicas, o Concello de Cambados debe adoptar os mecanismos de colaboración precisos para que todas as persoas físicas e xurídicas que sufran danos pola Cicloxénese Explosiva "Hugo" nos seus bens e propiedades, poidan solicitar desde as oficinas municipais as correspondentes axudas económicas, para presentalas nos organismos e dependencias correspondentes.
Por todo o exposto anteriormente, solicitámoslle ao Pleno da Corporación do Concello de Cambados que adopte o seguinte ***ACORDO****:*
Primeiro.*- Acordar a declaración de zona catastrófica na parroquia de Castrelo neste termo municipal polos danos causados pola Cicloxénese Explosiva "Hugo" producidos durante a a tarde do pasado 23 de marzo. para a concesión das subvencións e incentivos que procedan para os distintos sectores do municipio, polos cuantiosos e irreparables danos que se causaron pola virulenta forza do vento mencionado, como son:*

- *Axudas directas que compensen os danos dos cultivos afectados.*
- *Exención das cotas á Seguridade Social do Réxime Especial Agrario.*
- *Redución dos índices de rendemento neto no método de estimación obxectiva do IRPF e o Réxime Simplificado de IVA.*
- *Créditos con subvencións de amortizacións e intereses.*
- *Adianto dos pagos correspondente a subvencións por superficie.*
- *Cantas outras axudas poidan solicitarse ao amparo da lexislación vixente.*

Segundo.*- Instar ao Concello de Cambados a aplicar bonificacións no ICIO a favor das construcións, instalacións e obras que se realicen por parte dos propietarios polos danos causados pola Cicloxénese Explosiva "Hugo", e sexan estas, declaradas de especial interese ou utilidade municipal, en virtude do artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e así os veciños afectados poidan solicitar unha bonificación do 95% a favor das construcións, instalacións e obras ao ser declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais que xustifiquen tal declaración.*
Terceiro.*- Tramitar as solicitudes de axuda á Delegación do Goberno en Galicia, achegando a documentación necesaria para acollerse ás mesmas. E no seu caso, a outras Administracións Públicas que sexan pertinentes.*
Cuarto.*- Facer un chamamento efectivo a todos os veciños, propietarios, agricultores particulares, cooperativas, sociedades e sindicatos, para que realicen un balance de danos e acudan ao Concello para dilixenciar as declaracións de danos que permitan solicitar as axudas coa maior celeridade posible.*
Quinto.*- Solicitar a colaboración e cooperación de todas as Administracións Públicas implicadas, dando traslado deste acordo a; Ministerio do Interior, Xunta de Galicia, Delegación do Goberno en Galicia; Deputación Provincial de Pontevedra e Mancomunidade do Salnés."*

Indica, o Sr. Charlín Trigo, que esta moción nace da achega dos veciños afectados ao Concello de Cambados para informarse das axudas que poderían optar, sendo sete veciños os que presentaron unha elaboración da serie de danos que causara a cicloxénese; considera que dende a Administración Local débese axudar, en todo o posible, para minimizar estes problemas meteorolóxicos, que afectan á sociedade e, informa tamén, que esta moción foi trasladada ao Congreso dos Deputados, a través do grupo En Marea, na que se informa, a través do artigo 2. da Lei do Sistema Nacional de Protección Civil (emerxencia de protección civil), da situación de risco colectivo acontecido por un evento que pon en perigo inminente a persoas e bens; comenta que concorren estes requisitos para solicitar a declaración de zona catastrófica e que espera que os veciños afectados poidan acollerse ao maior número de axudas posibles, polo que pide aos demais grupos políticos, que forman parte do Pleno Municipal, que apoien esta moción.
Intervén a Sra. Alcaldesa e indica que está de acordo coa moción, a excepción do punto segundo, que cree que non está redactado como debería, engadindo que a Sra. Secretaria tamén está de acordo con ela, e aclara que en vez de por *"Instar ao Concello de Cambados a aplicar bonificacións"*,

debería por *"Instar ao Pleno do Concello de Cambados que aprobe a aplicación de bonificacións"*, porque considera que habería que aprobar unha ordenanza; seguidamente faise unha emenda na moción, estando todos os membros políticos de acordo.

Intervén o Sr. Abal Varela, voceiro do grupo municipal Cambados Pode, manifestando que está de acordo coa moción.

Intervén o Sr. Caamaño Rivas, voceiro do grupo municipal Bloque Nacionalista Galego, e indica que dende o seu partido tamén van a apoiar esta moción.

Toma a palabra a Sra. Alcaldesa para indicar que dende o seu grupo municipal, o Partido Socialista Obreiro Español, teñen todo o seu apoio.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde, voceiro do Partido Popular, para comunicar o seu apoio aos veciños e á moción, e pregunta si se fixo algunha xestión coa Subdelegación do Goberno.

Asiste o Sr. Charlín Trigo, para aclarar que a moción levouse ao Congreso de Deputados e está pendente de tramitar; indica que nuns días tramitarase no Congreso de Deputados, e despois a través da Subdelegación do Goberno, pódense iniciar todas as solicitudes; explica que as bonificacións fiscais e demais axudas dependerán de que se aproben no Congreso de Deputados.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde para comentar que dende o seu partido estiveron estudando os criterios para a declaración de zona catastrófica, e o primeiro criterio a ter en conta é o prazo de 15 días, por Real Decreto, dende que se inicia a catástrofe para que a Subdelegación faga o informe do Ministerio; por outro lado comenta que na moción xa esgrimen os criterios que se teñen que dar para poder ser declarada zona catastrófica e dende o seu partido preocúpanlles si este será o acordo plenario que se vai a enviar; por outro lado recorda, aos membros presentes no Pleno, que dende o Partido Popular presentaron tres veces un escrito, en agosto e en novembro do ano 2017, e en febreiro do ano 2018, no Rexistro de entrada do Concello de Cambados, explica que en dez meses presentaron tres escritos nos que o grupo do Partido Popular solicita copias do Rexistro de Saída dos acordos Plenarios que se tomaron no Concello de asuntos moi importantes, e non se lles contestou aínda nada, ó igual que un acordo de goberno para reclamar á Xunta de Galicia un protocolo de actuación especial para facer fronte aos danos producidos polos temporais, polo que plantexa a dúbida de si se envían ou non eses acordos; o Sr. Aragunde Aragunde mostra a súa preocupación en canto a que se aproben uns acordos que despois puideran non ser enviados ás administracións competentes; explica que vai apoiar a moción, aínda que non sabe si se poderá levar a cabo despois de que pasasen máis de 15 días.

Intervén o Sr. Charlín Trigo e aclara que a moción foi presentada na mesa do Congreso dos Deputados o 3 de maio de 2018 polo Rexistro do Concello; explica que no documento que vai ao Congreso dos Deputados pídese que se declare zona afectada gravemente por emerxencia de protección civil na parroquia de Castrelo, e este documento trasladouse ao grupo de En Marea que representa no Congreso dos Deputados.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde e manifesta que se deberían remitir, nos 15 días posteriores ao temporal, os informes emitidos por protección civil, á Subdelegación do Goberno, e este fará outro informe que remitirá ao Ministerio; considera que este é a orde de tramitación que marca a lei, e si estes pasos non se cumpriron, estima que non servirá de nada, pois explica que o Congreso de Deputados pode debater o que sexa e chegar a un acordo plenario para instar ao Ministerio, pero a tramitación co Ministerio correspóndelle ao Concello e debese facer nos prazos pertinentes.

Intervén a Sra. Secretaria para indicar que a aprobación da bonificación do ICIO debe ir acompañada dun informe de Intervención.

Intervén o Sr. Charlín Trigo e indica que as bonificación fiscais que se declaran nas bonificacións dos impostos están á marxe da declaración de zona catastrófica, ao igual que as inundacións; engade ademais, que en ningún momento se lles prometeu nada aos veciños de Castrelo, simplemente que intentarían acollerse o máximo número de axudas; e o que fixeron foi trasladar a moción ao Pleno, para que unha vez se aprobe, se traslade ao resto de administracións.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde para dicir que quen vaia facer esa xestión, saiba que unicamente pode declarar zona afectada o Ministerio, na dirección Xeral competente dese Ministerio e non o Congreso dos Deputados; indica que dende o seu partido apoiarán a moción pero esperan que non

sexa en balde, por non realizar as xestións en tempo e forma pertinentes.
Remata o debate o Sr. Charlín Trigo pedindo desculpas aos veciños polas discusións acontecidas durante o Pleno, e acusa ao Partido Popular de hipócritas porque aproban unha moción diante dos veciños, pero logo, cando vai ao Congreso dos Deputados, votan en contra.

Pola Alcaldía procédese á votación da moción presentada polo partido municipal Somos Cambados para que se declare zona catastrófica a parroquia de Castrelo afectada pola cicloxénese explosiva "Hugo"
Procédese á **aprobación da moción**, apoiada por **unanimidade** dos membros presentes no Pleno.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

A **Sra. Alcaldesa** da paso á rolda de intervencións libres.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde e indica que, dende o seu partido, solicitan que se lles conteste aos tres escritos presentados no Rexistro de Entrada no Concello, solicitando copia do Rexistro de Saída dos acordos Plenarios que se tomaron no Concello, indicando que xa o pediron tres veces por escrito e esta sería a cuarta vez; por outro lado, pide copia da proposta de convenio do Concello de Cambados e o Consello Regulador.

Pola Alcaldía respondese que estes requirimentos serán atendidos no próximo Pleno.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as once horas e quince minutos, estendéndose a presente minuta–borrador da acta que asina o Sra. Presidenta, de todo o que, eu, Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE